

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2021/12	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	25 de NOVIEMBRE de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata 22:30 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	NON
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



D. ALBINO GARCÍA TRILLO non asiste por asuntos persoais.		

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

<b>A) PARTE RESOLUTIVA</b>
----------------------------

<b>1.- Aprobación da acta da sesión anterior</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación</b>
Apróbase por unanimidade a acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 28.09.2021.	

<b>2. Expediente 506/2019. Procedemento Xenérico</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación</b>
<b>DEBATE</b>	
<p>Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo ao expediente 506/2019 que explica que é o nomeamento dos órganos colexiados externos, os órganos aos consellos escolares. Estes órganos renóvanse e temos que nomear aos representantes do Concello nestes órganos. E expón a proposta que indica que é de carácter continuísta.</p> <p>Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que non teñen nada que dicir sobre este asunto.</p> <p>Toma a palabra a Sra. Suárez voceira do BNG que indica que dado ao estado de esperanza no que se atopa a Sra. Quintela, se non está previsto un suplente da suplente. Ao que o Sr. González indica que non está pero que entenden que non se vai a estender no tempo e ela é a suplente e non reparamos nesta cuestión.</p> <p>Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que non ten nada que comentar.</p>	



## VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor.

PP: 3 abstencións.

BNG: 2 abstencións.

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención.

## ACORDO

Vista a Resolución do 20 de setembro de 2021, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, segundo a nova redacción polo Decreto 324/1996, de 26 de xullo.

O Pleno da Corporación aproba o nomeamento das seguintes representación para órgano colexiados externos:

- No CEIP de Outes, a D. Daniel Rodríguez Gándara e como suplente a D<sup>a</sup>. Alba Quintela Vilariño.
- No IES Poeta Añón, a D. Daniel Rodríguez Gándara e como suplente a D<sup>a</sup>. Alba Quintela Vilariño.
- No Punto de Atención á Infancia (P.A.I.), a D. Daniel Rodríguez Gándara e como suplente a D<sup>a</sup>. Alba Quintela Vilariño.

### 3. Expediente 195/2021. Subvencións Solicitadas a Outra Administración

**Favorable**

**Tipo de votación**

## DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo ao expediente 195/2021, indica que é relativo á aprobación do Plan para o Clima e Enerxía Sostible do Concello de Outes. Para a exposición do mesmo toma a palabra a Sra. Quintela que comeza a súa exposición indicando que como saben estamos adheridos ao PACES dende o ano 2019 un pacto a nivel europeo que pretende reducir nun 40% as emisións de CO2 para o ano 2030. Un dos compromisos é a redacción e aprobación dun plan no que se marcan tanto no ámbito da administración pública como no ámbito privado. Os principais campos



nos que se debe actuar a administración pública son os parques automobilísticos, as envolventes de edificios, a iluminación publicas e as lagoas de concienciación para que o ámbito privado tamén tome conciencia. Este ábrenos as portas a futuras subvencións.

Toma a palabra a Sra. Molinos que expón que segundo a paxina web do “Pacto dos Alcaldes polo clima” o día 28 de febreiro do ano 2019 o Concello de Outes adheriuse a este programa, adhesión que levaba implícito o compromiso de redactar un Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) antes de dous anos, e dicir antes de febreiro deste ano, para facilitar esta redacción a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio sacou unha Orde en maio do 2020 onde se establecían as bases para a concesión de axudas de concorrencia non competitiva aos concellos adheridos para que elaborasen o PACES. Non sabemos o que estaban facendo vostedes nese momento que non aproveitaron a ocasión brindada. Neste ano volveron a poñerse a disposición dos concellos estas axudas e polo que podemos ver, desta vez si que á aceptaron e aínda que con atraso, finalmente redactouse o Plan. Eso si, como non podía ser doutro xeito segundo nos ten acostumados este goberno, fano esgotando os prazos ao límite, recordámoslle que o prazo para xustificar este investimento finaliza o 3 de decembro e na documentación requirida figura a aprobación do documento polo Pleno do Concello, extremo que neste momento vostedes non teñen garantido. Nada novo, coma sempre poñendo en risco os intereses dos outenses, eludindo a súa responsabilidade de asegurar a aprobación plenaria deste tipo de asuntos para non perder a concesión de axudas.

Toma a palabra a Sra. Suárez voceira do BNG que indica que efectivamente non só poñen en risco os intereses ou subvencións ás que poida ter o Concello senón que unha vez máis son vostedes moi dados á aprobación de plans, mocións e declaración de intencións que non leva máis alá que ao compromiso no papel. Pero os veciños e veciñas de Outes non só precisamos o compromiso en papel, necesitamos feitos. Isto está moi ben pero necesitamos actuacións que de verdade recollan neste pacto. Actuacións sobre o saneamento, a mobilidade, defendendo o transporte público e a instalación dos parques eólicos en terreos que ven teñan tido ter defendido, actuacións na Rede Natura, eliminación de vertederos incontrolados, temos canalizacións de amianto etc. Precisamos feitos e menos proclamacións propagandísticas.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que expón que os socialistas de Outes estamos totalmente identificados cos problemas que se veñen enriba pola emisión dos gases de efecto invernadoiro. Unha redución dos mesmo parécenos



imprescindible para salvaguardar o noso entorno e o futuro das nosas xeracións. O único pero que lle podemos poñer a este expediente é, como sempre, a falta de diálogo e información por parte do noso Alcalde, xa que eu, o outro día tiven que preguntar porque me chegaba a min isto e de onde saía o PACES. Aclarada a situación e analizado o expediente fíxense que o cronograma de dito plan asinouse no 2019, tiveron unha actividade no ano 2020 e vemos como a partir de febreiro de 2021 houbo diferentes mesas de traballo e reunións, recollidas de datos das cales non tivemos ningunha información ao respecto. Sabemos que é preceptivo para aprobar a subvención correspondente a aprobación deste Pleno, habida conta de que os socialistas sentímosnos faltos de información non imos apoiala e tampouco queremos que se veña abaixo. A falta de información vai dar mais desgustos neste Pleno que ledicias.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor.

PP: 3 votos a favor.

BNG: 2 votos a favor.

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención.

### **ACORDO**

Considerando a ORDE do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da segunda convocatoria para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2021, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento MT210A), establece, entre outros requisitos, a aprobación pola Pleno da Corporación do antedito PLAN.

Á vista dos antecedentes, o Pleno da Corporación toma a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o PLAN PARA PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE DO CONCELLO DE OUTES.

**SEGUNDO.-** Publicar na páxina web corporativa do Concello de Outes



[www.outes.gal](http://www.outes.gal) o antedito Plan para o coñecemento público.

**TERCEIRO.-** Presentar o citado Plan na páxina web da Unión Europea do PACES.

#### **4. Expediente 643/2021. Potestades Administrativas de Carácter Patrimonial**

**Favorable**

**Tipo de votación**

#### **DEBATE**

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo ao expediente 643/2021, indica que trátase de iniciar o procedemento para solicitarlle á Consellería a declaración de espazo natural de interese local á zona do Monte da Pena. Foi aprobado neste Pleno no que se instaba ao mesmo. No seu momento o que se observou que a ferramenta para esta petición é o ENIL e recorda que a declaración é iniciada polo Concello pero quen a aproba é a Xunta de Galicia e ademais o que implica é elaborar unha memoria encargada a un biólogo e houbo que engadir unha serie de documentos. Dicar que o que se fai é iniciar o expediente porque a declaración implica a aceptación dos propietarios das parcelas afectadas. Nós iniciamos o procedemento coa aprobación do Pleno e coa exposición ao público.

Toma a palabra a Sra. Molinos que expón que O noso Grupo cree que o patrimonio natural do noso Concello debe ser obxecto de protección e preservación, por eso apoiamos a Moción que o BNG presentou a este Pleno en Novembro do 2019 no senso de que se estudara o mellor marco legal para que o espazo que ocupa o Monte da Pena fora un espazo que gozara dunha protección maior da que xa se lle outorgaba no PXOM municipal onde se califica esa zona como área de protección integral de cautela de xacementos arqueolóxicos.

Dous anos despois o primeiro e único que sabemos sobre a evolución do asunto é que se elaborou unha “Memoria Descritiva para a solicitude de declaración de ENIL Monte da Pena”. A vista desta situación, a nos xúrdennos dúbidas con respecto ao procedemento que está a seguir o Goberno, xa que segundo reza no artigo 29.6 da Lei do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia “A declaración de ENIL en terreos de propiedade privada requirirá a conformidade expresa das persoas propietarias ou titulares de dereito de uso”, Non sabemos se existe de feito esa conformidade (no expediente ao que se nos dou acceso non figura) ou se polo menos houbo contactos cos propietarios dos terreos e foron



informados da intención do goberno. Gustaríanos que se nos aclarase este tema, que non nos parece menor, xa que sin a acreditación desa conformidade que debe acompañar á Memoria e mais á aprobación plenaria da mesma, ao noso entender, non se podería tramitar a Petición de Declaración de espazo protexido segundo se pode ver no artigo 40.2 da antedita lei, no que dúa que para empezar o trámite hai que: presentar Memoria, presentar conformidade dos propietarios e documento que acredite a aprobación en Pleno desa Memoria. Isto foi o que puidemos ler na Lei de Patrimonio Natural, polo que fai falta xa, inmediatamente.

Chámanos tamén a atención que cando se falou de solicitar a declaración de ENIL para a zona de San Paio o goberno argumentou que segundo asesoramento de expertos na materia a petición de declaración ten moita mais forza diante do órgano que a ten que conceder cando é solicitada por dous concellos e nese caso propoñían falar con Mazaricos e valóralo conxuntamente. Neste caso segundo o informe arqueolóxico que acompaña á Memoria Descritiva, a zona susceptible de protección tamén abarca dous concellos, Outes e Negreira, sen embargo semella que o goberno agora non utiliza o mesmo argumento que na outra ocasión. Quixeramos que nos aclarase que diferenzas hai entre as dúas situacións para que non o fagan, ou se pola contra si tiveron contactos co Concello de Negreira e non chegaron a acordo ou u que foxe. Gustaríanos que nos aclarase estes dous temas.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que efectivamente da gusto ver que hai xente que ten memoria e non intenta enganar. Tal e como recordou a voceira do PP a declaración do ENIL foi unha moción presentada polo BNG a finais de 2019 e a intencionalidade do mesmo era protexer unha paraxe dunha riqueza patrimonial e paisaxística como o Monte da Pena. Vostede preséntanos unha memoria que está datada de decembro de 2020 e non sabemos que fixeron nese tempo ata xuño de 2021, do informe arqueolóxico que non fai referencia ao valor de tódolos elementos e tampouco pon en valor o patrimonio cultural. Está vostede despois de que fora a moción presentada no 2019 preséntanos neste pleno en decembro de 2021 o primeiro paso a iniciación do expediente pero aínda ten que poñerse a Xunta en contacto cos propietarios. A nosa pregunta é se isto é uha manobra de despiste para facer crer aos veciños e veciñas de Outes de que fai algo e en realidade non fai nada por defender os intereses e o patrimonio do noso concello. Non ten o mínimo interese en protexer o Monte da Pena do parque eólico que vai ir alí asentado. Asi que unha vez máis pedímoslle que deixe de enredar e intentar enganar.



Toma a palabra o Sr. Caamaño para indicar que non foi sen tempo, os socialistas congratulámonos de dúas situacións, unha esta por aclarar cando lle redacta o PP as leis de se hai que ter antes ou non a sinatura dos veciños. En primeiro lugar para o inicio para a tramitación do ENIL non fai falta a sinatura dos propietarios, en principio é o que acabamos de facer aquí e segundo porque demostrounos que é quen vostede de dicirlle a un biólogo que fai un estudo que poña o seu número de colexiado e asine o estudo ou documento e non como pasou coas famosas alegacións do parque eólico. Iremos aprendendo. Agora o que esta tardando dada esta situación é o ENIL entre Outes e Mazaricos esperemos a maior celeridade posible en salvagardar o noso territorio e o noso patrimonio.

Toma a palabra o Sr. González que indica que en primeiro lugar que con respecto a Mazaricos que xa se avanzou refírese ao ría San Paio. Indica que cree que tratou de aclarar que para ter o expediente completo é necesario a autorización dos propietarios. O que pasa que unha cousa é o acordo e outra a autorización, unha vez completa remitírase á Xunta de Galicia. Agora estamos iniciando o expediente que cremos que é importante e cremos que dalgunha maneira za se lle da pulso. Con respecto aos tempos a nós tamén nos gustaría que fose máis rápido e o informe de patrimonio non chegou ata fai pouco. Por outro lado Sra. Do BNG nós non lles dicimos ao arqueólogo o que ten que resaltar no seu informe , este fai o seu traballo e recolleu o que entendeu que tiña que recoller. A partires de ahí temos que tratar de impulsar e de que se saiba de que hai un interese por parte do Concello para protexer este espazo. Temos interese en que isto saia adiante e por iso iniciamos o procedemento.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que, ben, acaba de dicir vostede que podían non traer o do ENIL a Pleno e que quedaban “tan panchos”. Efectivamente, quedaban tan panchos incumprindo un acordo plenario mediante a aprobación dunha moción. Ese é o valor que lle dan vostedes á aprobación dunha moción en Pleno: “Non traelo aquí e quedar tan panchos”.

Parécenos que si efectivamente non tiveron contacto cos veciños nin sondearon a sua conformidade a prestar os seus terreos para levar adiante este asunto, parécenos que directamente comenzaron a casa polo tellado, e dicir, cremos que incluso chega a ser unha falta de respecto non preguntarlle o que queren facer coas súas propiedades e se queren que formen parte dun ENIL, pero ben aínda así empezaron non polo imprescindible, se hai que aportar tres puntos para a declaración de ENIL que son: a Memoria, a aprobación plenaria da mesma e mais a conformidade dos propietarios, peréceme que primeiro e imprescindible é





esta conformidade porque do contrario pode encontrarse vostede agora con que non a ten e vostede fixo unha Memoria, mandou desbrozar, que bo eso é algo menor. Pero que fixo: perdeu cartos e tempo. Creemos que debería empezar pola conformidade dos propietarios para empezar a desenrolar este expediente. En canto ao do Concello de Negreira non dixo nada, supoño que porque non ten nada que dicir.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que teñen o máximo respecto polo traballo dos profesionais e non somos nós os que digamos o que ten que poñer nun informe pero somos responsables dos traballos que se fan para o noso Concello e entendemos que vostedes teñen a obriga de revisar eses informes e como as alegacións eran un corte e pega, pois este si tiveron a ben lelo e deberían ter preguntado porque non se recollía a posta en valor do monte neste sentido como ben arqueolóxico. Vostede non ten ningún interese en que isto saia adiante, leva dous anos tan pancho. Foi presentado no 2019 e unha intención e se de verdade estiveran preocupados por protexer esta paraxe do noso Concello terían comezado antes os trámites. En canto á que hai que ter autorización ou os contactos previos cos veciños, pos claro que os hai que ter como no parque eólico, e ben que as empresas eólicas ben que saben facelo e teñen asinados os contratos con cada un dos propietarios. Senón pregúntelle ao seu asesor. Deixe de enredar, deixe de enganarnos e deixe de malgastar os cartos dos veciños de Outes, xa bastante fixo vostede cando contratou á asesoría xurídica para nada e o que esta facendo vostede é tirar cos cartos dos veciños e veciñas de Outes. Non o lía máis voceira do PP senón votamos outros dous anos. Mellor deixe haber se é capaz de facer algo.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que se alegra de ver que por fin se comeza a facer algo. Só me queda a dúbida de que si realmente acabamos de tirar cos cartos dos informes por non ter antes a solicitude previa dos veciños. Alégrome de ver que se comeza a facer algo.

Toma a palabra o Sr. González que matiza que falouse dende un inicio con Negreira que declinaron facelo conxuntamente e por iso se optou pola opción de facela de forma individual. Con respecto aos permisos é preciso que os veciños coñezan a memoria para poder ensinalo, saben perfectamente canto tempo tardaríamos se comezáramos por a onde vostedes din.

## **VOTACIÓN**



Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor.

PP: 3 votos a favor.

BNG: 2 votos a favor.

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 a favor.

### **ACORDO**

1. O Concello de Outes encargoulle ao biólogo Xabier Vázquez Pumariño o asesoramento de cara á posibilidade de tramitar a declaración como espazo natural protexido un ámbito no denominado Monte da Pena neste municipio.

2. Como resultado do antedito encargo elaborouse o documento de “Memoria descriptiva para a solicitude de declaración de Espazo Natural de Interese Local (ENIL) Monte da Pena”. No seu apartado 9 describe e analiza os distintos valores naturais do espazo tocantes á flora e vexetación, e fauna que xustifican a proposta; no seu apartado 13 os usos e aproveitamento dos recursos naturais do espazo (gandeiros, forestais e de lecer) e nos 14 e 15 as actividades que se proxectan e a súa repercusión orzamentaria.

Explica a Memoria que o ENIL é unha das categorías de espazos naturais protexidos prevista na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia (en diante, LPNG) que, no seu artigo 29 os define como

“... aqueles espazos... que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais a nivel local.”

atribúelles a responsabilidade e competencia na xestión ás entidades locais, dispón que neles se promoverán actuacións de educación ambiental e de uso social do ambiente, e esixe para a súa declaración pola Administración autonómica a conformidade expresa das persoas propietarias ou titulares dun dereito de uso dos terreos afectados.

3. O procedemento para tramitar a declaración do ENIL vén recollido nos artigos 39 e seguintes LPNG e dispón que a súa iniciación por solicitude, no noso caso, da Corporación municipal á que se lle achegará a documentación prevista no artigo 40 LPNG.

Polo exposto, o Pleno da Corporación ACORDA a iniciación do procedemento para



solicitarlle á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a declaración do Espazo natural de interese local Monte da Pena definido con base na Memoria elaborada ao efecto”.

Esta resolución expoñerase ao público por medio de anuncio na sede dixital da Corporación coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar ante o Concello no prazo de un mes as suxestións e alegacións que xulguen oportunas.

Do resultado da exposición ao público e da incorporación do resto da documentación que é necesaria para seguir a tramitación da solicitude do ENIL daráselle conta ao Pleno para que resolva o procedente.

*Incorpórase ao Pleno da Corporación o Sr. Gosende Concelleiro do PP.*

## **5. Moción BNG - INCORPORACIÓN MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA**

**Favorable**

**Tipo de votación**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

### **MOCIÓN**

Exposición de Motivos:

O noso concello é o único da comarca que aínda está sometido a un modelo de xestión de residuos polo cal a maior parte do noso lixo acaba na incineradora ou nun vertedoiro. Un modelo totalmente desfasado e que é contrario ao que debería ser un obxectivo común de calquera administración pública: preservar e coidar o noso medio ambiente.

Somos os únicos que formamos parte de SOGAMA na nosa comarca. O resto de concellos, están incorporados á mancomunidade Serra do Barbanza. Un modelo público en man común creado coa finalidade de facer unha mellor xestión dos residuos e que é un exemplo a seguir no noso país.

Falemos de datos, estar en SOGAMA implica que os residuos xerados en Outes



teñen que transportarse arredor de 70KM ate Cerceda. Isto contrasta radicalmente coa mancomunidade xa que os nosos residuos apenas terían que ser transportados uns 13KM co que isto conleva en aforro de combustíbel, desgaste de vehículos e contaminación.

En canto á recuperación de materiais para a reciclaxe hai unha diferenza abismal, 13,1kg por habitante ao ano que ofrece o modelo SOGAMA en comparación cos 51,1kg por habitante que consegue o modelo Barbanza, catro veces máis. Un dato moi bó que podería mellorar cos investimentos necesarios.

A porcentaxe de recuperación/reciclaxe da planta de Lousame está arredor do 30% mentres que SOGAMA non chega nin ao 15%.

O modelo de SOGAMA queima e enterra o lixo sen ofrecer unhas porcentaxes mínimas de recuperación/reciclaxe mentres que o modelo Barbanza aproveita os restos orgánicos para compost e trata os residuos en proximidade.

Podemos estimar que actualmente Outes está queimando 234 toneladas de lixo innecesariamente. 234 toneladas de lixo anuais que poderíamos reciclar correctamente incorporándonos a un modelo que realmente traballe para preservar e coidar o medio ambiente.

É responsabilidade nosa tomar as decisións correctas para que a pegada contaminante do noso concello sexa a mínima posíbel e é por iso que dende o BNG consideramos de vital importancia rematar coa nosa pésima xestión de residuos.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

### **ACORDO**

- 1.** Que o goberno faga os trámites necesarios para que o concello de Outes se incorpore á mancomunidade Serra do Barbanza para a xestión de residuos e abandone SOGAMA.
- 2.** Convocar unha comisión aos tres meses de aprobarse esta moción para dar conta dos trámites realizados.

### **DEBATE**



Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que a nos parécenos que neste momento coa adhesión do noso Concello á Mancomunidade Serra do Barbanza entraríamos nunha situación de xestión da recollida do lixo nada desexable. Basta con ver as noticias que continuamente se producen ao respecto do funcionamento deste sistema de xestión:

- A recollida do lixo é moi deficiente como se pode apreciar en moitísimas ocasións nos concellos veciños, nos que se incumpren as frecuencias de recollida e o lixo acumúlase durante días ao carón dos contedores.
- Hai un insuficiente nº de camións para atender a recollida dos concellos que forman parte da mancomunidade e mais dos asociados.
- Moitos deses camións están en mal estado o que provoca continuas avarías e inutilizacións que non son repostas convenientemente.
- Hai lugares aos que estes camións non están preparados para acceder, como se puido comprobar hai pouco tempo en Muros onde tiveron que cambiar a localización de varios contedores.
- Hai unha constante conflitividade entre a Mancomunidade e a concesionaria.

Ademais parécenos que antes de tomar unha determinación drástica como a que propoñen vostedes habería que facer un estudo económico ao respecto para saber os custos que suporía a adhesión e como influiría na economía do Concello a avultada débeda que ten a Mancomunidade. Deberíase coñecer tamén como se vai resolver o futuro da planta, por exemplo en canto a dispoñibilidade de terreos para a súa necesaria ampliación. Así mesmo deberíase certificar que se están a cumprir as normativas europeas sobre a recollida selectiva de residuos, que agora mesmo non está claro.

Por todo o antedito parécenos que non é este o mellor escenario para que o noso Concello pase a formar parte neste momento da Mancomunidade Serra do Barbanza e que os veciños de Outes sufran as deficiencias do servizo.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que expón que dende o partido socialista cremos que pode ser unha boa proposta, xa que, por unha parte sería bo polo aforro do combustible e contaminación. Por outra banda estamos a falar da queima de residuos e do dobre do tonelaxe. Non menos importante son os custes de traballo que se establecen na comarca grazas a esta planta, como non pode ser doutra maneira o partido socialista de Outes está a favor da planta de reciclaxe de Lousame e de que o noso Concello se adira “nas mellores condicións a dita



planta, non vaia a ser que saiamos perdendo”.

Toma a palabra o Sr. González que indica que en relación coa moción temos o corazón partido, dende o punto de vista da xestión do lixo o sistema que aplica a planta de Lousame é mellor que a de SOGAMA e temos a vantaxe da proximidade. Vostede agochou o que acaba de comentar a voceira do PP de que a planta de Lousame a experiencia dimos que o servizo de recollida ten moitas deficiencias e non nos queremos ver nunha situación de contedores sen recoller en varios días, iso é algo que temos que ter en conta. Cando se coñece o funcionamento da planta de Lousame poñemos o fincapé en que SOGAMA ten a vantaxe da Xunta de Galicia, incidir que a Xunta lle de o respaldo sólido á planta de Lousame. Pero mentres non sería opcional adherirnos a mancomunidade do Barbanza porque non ten a solidez suficiente. E anuncia que non votará a favor.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que non lles sorprende e que se acaban de retratar, moita palabra pero poucos feitos, é máis previamos cal podería ser o comentario do PP porque é o argumentario da Xunta de Galicia. SOGAMA ten a vantaxe de que a Xunta asume custos e é a Xunta quen quere acabar co modelo do Barbanza, porque é un modelo exitosa e que funciona o único problema que ten é que está xestionado por unha mancomunidade na que o PP ten maioría e polo tanto a súa intención é saboteala dende dentro. O BNG ten clara a solución de xestión directa. O seu único argumento que teñen para votar en contra son as deficiencias contadas e pensabamos e entendiamos polas iniciativas e polo que din que temos un problema urxente, o cambio climático. Danse de conta e son conscientes da repercusión ao medio ambiente e se o foran votarían a favor desta moción ou non votarían en contra. Os seus intereses son curto pracistas e electorais. Falan de que o modelo Barbanza ten problemas como se o actual non o tivera e tamén que pensaran nas xeracións futuras e deberían de ser responsables do legado que deixan. Para rematar e referente as palabras ao PP en primeiro lugar aos estudos económicos, os trámites serán os que se teñan que facer se se consideran un goberno serio. En canto ao futuro da planta poden preguntarlle aos seus compañeiros de partido e en canto a normativa europea do lixo é espectacular que o modelo Barbanza ten deficiencias coa normativa cando é SOGAMA a que vai en contra dos obxectivos do 2030.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que antes de nada gustaríanos comentarlle unha cousiña ao Sr. Alcalde e ao seu Grupo de Goberno, que é como cambiaron as cousas de cando vostedes estaban na oposición a agora que están gobernando, xa que co que agora din que non están de acordo, defendérono



vostedes desde esta outra bancada fai uns anos.

Ao BNG queremos dicirlle que nos reconsideraríamos non opoñernos a esta moción sempre e cando se cambiase un matiz do acordo, é dicir: que en lugar de dicir que o Concello faga os trámites para incorporarse á Mancomunidade Serra do Barbanza, se diga que o Concello faga os trámites necesarios para facer un estudio das condicións que ofrece a Mancomunidade Serra do Barbanza e un estudo económico do que suporía para os veciños de Outes unha situación ou a outra. Non sei se están de acordo con eso.

Responde o Sr. Núñez que visto que o goberno vai votar en contra desta moción. Toma a palabra o Sr. González que aclara que o PP está a facer unha proposta de modificación do punto primeiro. Aclarando o PP que é; que o Goberno faga un estudo económico, ambiental e de participación na Mancomunidade Serra do Barbanza, co fin de valorar se sería adecuada a incorporación do Concello a dita Mancomunidade e abandonar o sistema de SOGAMA, incluíndo as condicións de recollida e de servizo. Responde o Sr. Núñez que vendo que é o menor dos males aceptan a mesma.

Toma a palabra o Sr. González que indica que lles parece moi ben que enmenden e que o BNG acepten pero nós temos unha proposta, xa que, os estudos económicos custan cartos se habilite por parte deste Pleno unha partida para facer ese estudo. Facemos a mesma para votar esa moción.

Toma a palabra a voceira do PP que indica que o estudio económico que é que se pida información á planta. Pensamos que teñen capacidade para facelo vostedes. A Sra. Molinos indica cal sería a proposta que o é que o goberno faga un estudo e que pida información tanto á Mancomunidade Serra de Barbanza como a SOGAMA e as entidades que considere necesario para saber as condicións tanto de servizo como económicas que se darían nun lugar e mais noutro.

## **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 abstencións

PP: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor



#### 4. Moción PSG-PSOE MELLORAS ÁREA ALBÁN

Favorable

Tipo de votación

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

- Como ben é sabido por todos, o grupo socialista de Outes está sensibilizado ao máximo cos nosos e nosas deportistas, por eso hai uns meses trouxemos a este pleno a moción para o recoñecemento público dos nosos campións e campioas das distintas disciplinas nas que compiten.

Pois ben ei de dicir que este último mes xa temos un novo campión Galego en Kayak de mar Nicolás Lago Insua, os meus parabéns dende este pleno, pero non estou aquí para recoñecer o mérito deste rapaz, que sei que é inmenso dadas as condicións nas que entrea e compite, e explícome, xa que o Clube de piragüismo Kayak de mar Ria de Muros e Noia o que pertence, e rexistrado no noso concello dende hai mais dunha década, cunhas instalacións na zoa do Albán, non dispoñen na actualidade nin de luz nin de auga. Eu traiolles aquí hoxe unha petición de todo un campión Galego e que cousa mais sinxela é a que reclama de todos nos, da nosa corporación, xa que nos pide se é posible que lle poñamos unha luz, unha farola, que lles alumee a él e os seus compañeiros pola zoa onde se meten e saen o mar e outra nas instalacións que teñen. ¿Que clase de atrancos lles poñemos a nosa xuventude, eu preguntolles a todos vostedes se foran os seus fillos ou fillas gustaríalles que andiveran a escuras, que puidesen tropezar e caer a auga por non ter nin unha soa farola, ou que non teñan auga nin para pasar unha auga doce as súas embarcacións?. Sexamos sensatos, algúns levaban no seu programa a humanización da aldea de Albeida, pois humanicen un pouco máis e sexamos útiles aos nosos veciños e veciñas que son a quen nos debemos, e por iso hoxe lles pido que apoiem o seguinte acordo:

1.- Que se poñan dous puntos de luz , un nas instalacións do Clube e outro no entorno do pantalán do Albán coa máxima urxencia posible para que tanto estes deportistas como outros veciños e veciñas que acuden a dito pantalán teñan unha luz a súa disposición.





2.- Si se pode e a continuación do punto 1 desta moción, instalar un punto de auga, cerca das instalacións, xa que lle viría ben tamén á nosa ruta de sendeirismo Albán - Tremuzo, para que se poidan avituallar de auga no inicio da mesma.

### **DEBATE**

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que fomento do deporte é unha das obrigas de calquera goberno municipal, Nos creemos que é importante poñer en valor e facer recoñecemento dos éxitos conseguidos, pero para que eso non quede unicamente nunha bonita foto, debería vir sempre acompañado de axudas destinadas a alcanzar eses éxitos, e unha desas actuacións debe ser a dotación das infraestruturas necesarias para que os nosos veciños deportistas poidan practicar as súas especialidades da maneira mais segura e cómoda posible. Polo que acabamos de referir imos apoiar a súa moción.

Toma a palabra a voceira do BNG que indica que recoñecen e queren trasladar os parabéns a Nicolás e tódolos seus compañeiros. Non vou a repetir o que xa se dixo, recordar que nesa zona investíronse máis de 100.000 € nas escaleiras e cando vimos a moción do Partido socialista pensamos que neses 100.000€ non se percataron que faltaban puntos de luz e de auga. Cando fan unha obra nin se molestan en ir a vela? En canto que os rapaces volven a escuras dos adestramentos é así de triste, pero e que hai algúns que van a escuras á escola e iso segue sen solución. Non sabemos moi ben a que adican o tempo de traballo neste concello.

Toma a palabra o Sr. González indica que únense aos parabéns polos éxitos conseguidos e indo o gran en canto ao que se plantexa indicase que se poñan dous puntos de luz de forma urxente e no seguinte punto é se se pode con respecto á auga. Gustaríame que no punto primeiro fose vostede cauto porque todo se pode seguramente e nos estivemos falando para a iluminación da zona do Albán, pero esta zona non ten cableado. Entón hai certas dificultades técnicas aínda que podes estudarse certas opcións. Nin ten que ver a actuación que fixemos retirando as escaleiras con isto que vostede apunta. Con todos eses matices o goberno esta disposto a apoiar esta moción.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica no punto segundo pon se se pode, en relación co dito polo Sr. Alcalde, e poño porque o tema da auga téñeno



medianamente solucionado o tema da luz non. Non lle digo que tiren cable por toda a zona o que me preocupa é que vostede cobra por iso e eu veño a propoñerlle cousas que vostede non ve ou os veciños non lle contan e a min si. O que quero é a solución de que teñan puntos de luz, o que urxe é que canto antes poida poñer dous puntos de luz, fágao. Non digo nin que fagan cableado pero dille luz é o único que lle pedimos e xa ve que xenerosamente xa se pon si se pode.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que en canto a referencia que facía o Sr. González que a obra que fixeron alí non ten nada que ver cos puntos de luz, estes están nas inmediacións. Cre que unha vez que se actúa na zona se fagan as cousas ben. É o máis sinxelo.

Toma a palabra o Sr. González que fai referencia ás palabras do voceiro do partido socialista que na súa moción xa ten contradicións e que indica que se solucione o problema e no segundo punto se se pode. Vostede admite que ao mellor non se pode solventar, porque senón tamén poñería que poñan un punto de auga xa. O grupo de goberno votará a favor.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 a favor

PP: 4 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor.

#### **4. Moción REXEITAMENTO EXPLOTACIÓN MINAS SAN FINX-LOUSAME**

**Favorable**

**Tipo de votación**

o Sr. González procede á lectura de forma resumida da moción que se fai chegar pola confraría de pescadores.

Transcríbese a moción presente na orde do día, cuxo contido é o que segue;

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**



No ano 2016 Augas de Galicia publica anuncio de información pública para a autorización de vertido de augas residuais industriais procedente da explotación mineira de estaño e wolframio no lugar das minas de San Fins.Vilacoba, termo municipal de Lousame.

En forma e prazo as Confrarías de Noia, Muros, Portosín, Porto do Son e a Asociación de Prodotores de Mexilón da Ría de Muros e Noia presentan alegacións contra esa solicitude de vertido presentada pola empresa TUNGSTEN SAN FINX. S.L, en calidade de prexudicados .

No escrito de alegacións reclaman que se denegue a autorización de vertido de augas residuais e reclamase que tanto o proxecto de vertido como o de explotación mineira se someta ao procedemento de avaliación de impacto ambiental pertinente tal e como esixe a normativa.

As motivacións das alegacións son as seguintes:

### **1. A Importancia dos bancos marisqueiros da Confraría de Noia:**

a) A Confraría de Pescadores de Noia xestiona en réxime de autorización os bancos marisqueiros de moluscos bivalvos. A superficie produtiva de bivalvos comprende máis de 5.000.000 de m2. É a zona máis importante de Galicia na produción de Berberecho e ameixa ( Ameixa Fina, Ameixa Babosa e Ameixa xaponesa) e alberga o único banco natural que queda en Galicia de Ostra Plana. Tamén se extrae Navalla.

b) É a cofradía máis importante de Galicia en produción de Berberecho e ameixa ( Ameixa Fina, Ameixa Babosa e Ameixa Xaponesa) e alberga o único banco natural que queda en Galicia de Ostra Plana. Tamén se extrae Navalla. Nos período 2003-2014 , a produción media anual de bivalvos infaunais ascendeu a 1.600.000 kilos (produción entre 1.000.000 e 2.200.000 kilos) cunha facturación media **anual de** 11.000.000 de euros (produción entre 7.500.000 e 14.000.000 euros) ([www.pescadegalicia.com](http://www.pescadegalicia.com); [ww3.intecmar.org/sigremar](http://ww3.intecmar.org/sigremar));

d) O plan de explotación de bivalvos infaunais da zona de autorización, utilízanse as modalidades de marisqueo a pé e embarcación conxuntamente nos bancos intermareais e sublitoriais, e participan mariscadores socios do resto das confrarías da Ría de Muros e Noia. **En total no plan de explotación 206 participaron un total de 1.516 mariscadores e 526 barcos.** O 30% foron



mariscadores a pé e o resto tripulantes. O 19% dos mariscadores eran socios das outras confrarías da ría. Durante a campaña marisqueira a confraría emprega ademais a un mínimo de 50 persoas para traballos de xestión, mantemento de lonxa e coidado dos bancos marisqueiros.

## **2. O volume de vertido das augas procedentes da mina non se corresponde co volume solicitado.**

A solicitude de autorización de vertedura publicada no BOP refírese a 1.159.552 m<sup>3</sup>/ano de augas residuais industriais como caudal máximo anual, das que se extraerán por achique 946.800 m<sup>3</sup>/ano. Sen embargo, no Proxecto de Solicitude de Autorización de Vertido o caudal anual total estimado non se corresponde co solicitado. Así se menciona na memoria do PROYECTO DE SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO EN LAS INSTALACIONES DE LA MINA DE SAN FINX na paxina 66/90: "*Caudal anual total a aportar en el futuro, una vez vaciadas las galerías: 1.034.400m<sup>3</sup>/a para el agua procedente de la mina.*" A autorización de vertido debe incluír todas as augas subterráneas que verte a mina . Só inclúe as augas residuais industriais procedentes do bombeo do Pozo Novo e as procedentes da galería "Castiñeiros 2", polo que se reclama que se revise toda a infraestrutura da mina para inventariar os puntos de vertido e os volumes totais. Tamén que se revisen os criterios polo que se obteñen os datos de precipitación anual que determinan os volumes de augas de infiltración e escorrentía da mina.

## **3.-O proxecto debe someterse a procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental, conforme a Lei 21/2013.**

*Reclámase de Augas de Galicia solicite que a vertedura da auga procedente da mina se someta ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental, conforme a Lei 21/2013, por implicar "Un incremento significativo de los vertidos a cauces públicos", que pode "tener efectos adversos significativos sobre el medio ambiente" (Art.7.2.c), e por representar a extracción de máis **de 1 hectómetro cúbico** de augas subterráneas (ANEXO II, *Proyectos sometidos a la evaluación ambiental simplificada regulada en el título II, capítulo II, sección 2.Grupo 8. a*).*

Tamén se reclama que a explotación mineira se someta ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental como esixe a normativa nunha explotación destas características, para determinar os efectos de todas as accións da explotación mineira e establecer medidas correctoras e seguimento ambiental.

## **4.-As augas procedentes da mina están contaminadas por metais**



## **pesados.**

As análises realizadas por Augas de Galicia. (PCV, Código DC-JPR- 080216-A6 con data 08-02-2016) constatan que o río San Fins e as augas procedentes da presentan contaminación por varios metais pesados: cadmio, cobre e zinc. *A produción do vertido está ligada a diversos factores que dependen fundamentalmente da meteoroloxía e hidroloxía da zona da mina. O fluxo de auga de entrada principal constitúeo a pluviometría.* Na estación da Muralla de Lousame o nivel de precipitación é dos mais altos de Galicia: 2.114,9 mm/m<sup>2</sup> anual. O vertido da mina drena sobre río San fins, estando o punto de vertido só a 8,74 quilómetros do lugar de dos bancos marisqueiros. O vertido significa un alto risco ambiental debido ao grande volume de auga contaminada con metais pesados e a súa proximidade aos bancos marisqueiros.

### **5.-O método de depuración non se axusta as características de contaminación do vertido**

No se ten constancia de que o procedemento de depuración sexa un sistema tecnolóxico utilizado na eliminación de metais pesados. Por outra parte, é necesario coñecer os niveis de contaminación de todas as augas subterráneas das galerías inundadas que se solicita evacuar. Isto é importante para saber qué tipo de tratamento deber ser sometido o vertido.

### **6.- Os efectos da contaminación por metais pesados sobre a zonas produtoras de moluscos.**

As principais características fisiolóxicas do moluscos bivalvos infaunais , animais filtradores capaces de concentrar nos seus organismos distintos elementos contaminantes en cantidades superiores as existentes no medio no que se crían, xerando por iso serios e en ocasións perigosos problemas para a saúde dos consumidores. A esta realidade temos que sumar que as rías galegas son uns ecosistemas especialmente sensibles que soportan unha intensa presión de impactos antropoxénicos.

Relacionado con este aspecto, merece destacarse el Reglamento C.E. nº 466/2001 (Comisión de 8 de marzo de 2001), en que se establecen los contidos máximos de determinados contaminantes en produtos alimenticios, estando fixados en 1 mg/kg de peso fresco de molusco bivalvo, para metais pesados. Por outra parte, para evitar distintos problemas de índole sanitaria, as augas onde teñen lugar estes cultivos mariños tamén deben adaptarse a determinadas



normas de calidade como é e o caso da **DIRECTIVA 2006/113/CE relativa a calidade esixida a augas para cría de moluscos.**

É por isto que a lexislación esixe un **control continuo e exhaustivo** das **zonas de produción de moluscos** de diversos contaminantes, entre eles os metais pesados como son: **Prata, arsénico, cadmio, cromo, cobre, mercurio, níquel, chumbo e zinc.** Este seguimento execútao o Instituto Tecnolóxico do Mar ( INTECMAR), da Consellería do Mar da Xunta de Galicia ([www.intecmar.org](http://www.intecmar.org)). O non cumprimento dos valores esixidos en cada elemento significa o peche dos bancos marisqueiros para a especie afectada.

E finalmente

**Reclámase que se elimine a antiga presa de residuos no cauce do río San Fins de residuos industriais :**

As anteriores circunstancias súmase o feito de que existe unha presa de contención no cauce do río ao que drena a mina construída na década de 1930, a 400 metros da mina río abaixo, que está colmatada actualmente con residuos da mina polo que seguramente están contaminados por metais pesados e con outros produtos derivados do procesado do mineral que poden ser altamente contaminantes. O caso é que a empresa mineira manifesta que non se fai cargo aínda que é evidente que pertence as actividades derivadas da explotación da mina. A empresa actual manifesta publicamente que non se fai cargo do mantemento da mina. Diversos colectivos alertan de que esta presa pode colapsar en calquera momento e verter todos os escombros e sedimento ao río. O desaugamento pode agravar esta situación ao facer colapsar a presa e verter todos os residuos da actividade mineira sobre o leito do río.

Dado que o cauce de río San fins é competencia de Augas de Galicia, esíxese desta entidade que elimine o risco potencial que esta presa ten sobre o conca a que pertence o Río San Fins, que desauga sobre os bancos marisqueiros.

Ante estas, e outras moitas alegacións presentadas por distintos colectivos e entidades, tras non recibir o permiso de vertido solicitado, a empresa 5 anos despois volve a solicitar permiso aducindo o uso dunha depuradora que supostamente eliminaría todo risco ou posibilidade de vertido e afección ao medio ambiente.

No BOP do 3 de Novembro de 2021 publícase novo proxecto de vertido de augas



residuais “depuradas” procedentes dunha explotación mineira no lugar de S. Fins-Vilacoba en dúas fases.

A proposta de reabrir a mina de tungsteno S. Finx-Vilacoba, implica bombear auga das galerías subterráneas abandonadas e tratala mediante depuración para eliminar cadmio, cobre e zinc, antes de descargala no río Pesqueira, que desemboca no estuario da Ría de Muros-Noia

O plan de tratamento de auga proposto pola citada empresa deriva nun proxecto piloto de 11 semanas, o informe deste proxecto inclúe numerosas contradicións entre o texto, gráficos e as táboas de datos, a calidade da auga de saída esperada da planta de tratamento obtívose usando só datos unha semana do proxecto piloto, sen ter en conta as 10 semanas restantes de datos, e o cálculo dos valores máximos admitidos se calcularon cunha dureza da auga distinta á real do río Pesqueira, si se teñen en conta estes datos as concentracións serían de 0,236 ppb, 1,9 ppb e 35,22 ppb para cadmio, cobre e zinc respectivamente, polo que o cadmio o o zinc superarían as concentración das Normas de Calidade Ambiental-Media Anual (NCA-MA) para España, non existe plan para eliminación segura de lodo e os metais pesados que se acumularán nos estanques de sedimentación e na planta de tratamento de auga, entre outras importantes deficiencias da proposta de reapertura da mina.

O ente Augas de Galicia, a través do informe elaborado pola Área de Calidade, de data 20 de Abril de 2021 conclúe que “as condicións propostas polo solicitante no expediente de referencia para a vertedura, non permiten garantir o cumprimento dos obxectivos medioambientais e normas de calidade ambiental no medio receptor”.

No BOP do 10 de Novembro de 2021 Augas de Galicia, polo que se pon a exposición pública o proxecto da mesma empresa do proxecto de adecuación do cauce no Rego das Rabaceiras no procedemento de restauración do Dominio Público Hidráulico afectado polas presas de S. Finx, Lousame

Continúase a obviar o obrigado sometemento a procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental, conforme a Lei 21/2013 pese a que este proxecto pode implicar "*Un incremento significativo de los vertidos a cauces públicos*", que pode "*tener efectos adversos significativos sobre el medio ambiente*" (Art.7.2.c), e por representar a extracción de máis **de 1 hectómetro cúbico** de augas subterráneas (*ANEXO II, Proyectos sometidos a la evaluación ambiental*



*simplificada regulada en el título II, capítulo II, sección 2.Grupo 8. a).*

Así mesmo a empresa obvia a existencia e posibles afeccións das dúas presas de residuos mineiros no cauce do río que pasa pola mina, construídas cando comezou a actividade da mesma, unha baixo a escombreira que na na ledeira do río e outra máis grande , máis abaixo, colmatada, que retén os residuos de lodos, áridos e metais pesados da mina, esta última con grave risco de derrubamento.

Tralo anteriormente exposto e máis información que se está a recabar por técnicos especialistas en minería e outras especialidades que culminarán na presentación das oportunas alegacións, SOLICÍTASE:

Ao pleno da Corporación Municipal do Concello de Outes se pronuncie mostrando o seu total rexeitamento e consecuente paralización, á que este proxecto de vertido e explotación das Minas de S. Finx-Lousame, por ser claramente incompatible ca salubridade da Ría así como a explotación presente e futura dos bancos marisqueiros, que se verían afectados polo aporte de metais pesados procedentes dos vertidos de residuos industriais pola empresa TUNGSTEN S. FINX S.L.

Que se de traslado a administración autonómica competente do presente acordo.

### **DEBATE**

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que pensan que ninguén se pode opoñer a que se desenvolva un proxecto que conta con todas as disposicións e garantías que marquen as leis e normativas ao respecto. Agora ben, se a Cofradía conta con informes e documentación que poñen en tela de xuízo ese cumprimento, creemos que se deberían contrastar e definir convenientemente e coa máxima rigorosidade eses aspectos. O marisqueo é o principal motor económico do noso Concello do que dependen moitísimas familias, polo que non debemos arriscar a que haxa a mínima dúbida sobre a saúde e calidade das augas da Ría.

Por iso, se o noso apoio a esta moción serve, dalgún xeito, non para impedir que haxa dúas actividades que coexistan no mesmo territorio, senón para contribuír a que se garanta coa máxima rigorosidade, e sen dúbidas ao respecto, que se cumpran todos os condicionantes legais para que o sector marisqueiro non se vexa afectado de ningún modo por esta outra actividade. Imos apoiar a Moción





da Cofradía.

Toma a palabra a Sra. Suárez voceira do BNG que indica que non é que a empresa que intenta explotar a mina teña que ter os informes favorables e que é a propia Xunta de Galicia a que non ten os informes favorables pertinentes. Fíxose unha proba piloto exactamente da cuarta galería tralo cal a mesma Augas de Galicia recolle o vertido industrial e pon de manifesto o preocupante que é. A maiores desta proba existen unhas balsas, os muros de contención están deteriorados, e están vertendo xa ao regato e contaminando. Na propia moción acompañala dunha serie de fotografías nas que se ve e que non fai falta explicar nada mais. Non hai vida ao redor. Non nos podemos permitir o luxo de que veña unha empresa privada a explotar os recursos do noso territorio e que se leve por diante a forma de vida, a forma de gañarse o seu sustento de aproximadamente uns 1.500 mariscadores que mais de 500 son do concello de Outes. Falamos dun problema importante, falamos de empregos directos pero logo están os indirectos. Por todo isto e o exposto na moción e coñecido o informe da propia Augas de Galicia a nós non nos cabe a menor dúbida de que isto hai que paralizalo e debemos apoialo.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que se se preguntan cal é a maior empresa que temos no noso Concello ou na nosa comarca o resultado está claro, é a do marisqueo da nosa ría. Se estamos intentando levar a cabo no noso Concello o plan de saneamento tamén é o da nosa ría. Xa tivemos en Galicia un desastre de proporcións indescribíbles non hai moitos anos como a do Prestige. Non queremos máis riscos nin máis contaminación, vivimos nun paraíso chamado Galicia e nun oasis chamado Outes. Salvagardémolo polo futuro das nosas xentes e o noso Concello, digamos non a posibilidade de outro desastre na nosa ría que é o sustento de moitas das nosas familias. Dende o partido socialista de Outes diremos non á posibilidade de outro desastre habida conta da cantidade de residuos dos que estamos a falar e que poden acabar chegando á nosa ría.

## **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor.

PP: 4 votos a favor.

BNG: 2 votos a favor.

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 a favor.



## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### C) ROGOS E PREGUNTAS

#### - PREGUNTAS

##### • Do PP:

**1ª PREGUNTA.** Por todos é sabido que, ata o momento, este Goberno non foi quen de confeccionar e aprobar en tempo e forma o Orzamento Municipal para o ano 2021, tal e como faría un goberno responsable e rigoroso, e que levan dende o 1 de xaneiro funcionando co Orzamento do ano pasado prorrogado. Esta situación de non traballar en tempo real coa economía do Concello, a que vostedes non semella lle den moita importancia, ten, indubidablemente, certas consecuencias. Nos entendemos que unha delas é que nese Orzamento prorrogado non entran as subvencións nominativas a aquelas Entidades que na súa labor estea o fomento dunha actividade de utilidade pública, de interese social ou de promoción dunha finalidade pública. E dicir todas as subvencións (Adisbismur, Misela, A Creba Saude Mental, Comisións de Festas, Banda Municipal, Outes F.C., Clube Atletismo Outes, Clube Baloncesto Outes, A.N.P.A do C.E.I.P. de Outes) que se recollían no número 38 das Bases do Orzamento 2020 pero que, ao noso entender, a partida económica que as sustentaba non é prorrogable para este ano polo que non se poderían facer efectivas como tales.

1.- Se estamos no certo, ¿Como pensa o Goberno Municipal darlle saída a este asunto e que estas entidades que traballan polo interese colectivo de Outes poidan desfrutar dunha subvención tradicionalmente concedida polo Concello e que lles ven axudando dende fai anos economicamente ao mantemento da súa actividade ?

Responde o Sr. González que efectivamente atopámonos con esta circunstancia e o que fixemos incorporamos o crédito á convocatoria das de concorrencia competitiva. Temos un importe maior, estas asociacións vanse ter que presentar á convocatoria e entendemos na medida que como son entidades representativas e entendendo que esta é un elemento a valorar ao final podemos solventar o problema por esta vía.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica pareceume entender que dixo que agora tiñan moito mais montante económico para estas subvencións. Ben, pois a



realidade é que no ano 2020, as subvencións nominativas que se incluían na base 38 do Orzamento tiñan un valor de 25.000€, mais 600€ para as festas parroquiais que supoñemos que se cada parroquia as facía serían 6.000€ mais, un total de 31.600 €. E para concorrencia competitiva había 16.000€, en resumen no ano 2020 había 47.600€ para axudar ás asociacións culturais e deportivas do noso concello. No ano 2021, o montante económico para as subvencións de concorrencia competitiva, nas que terían que competir tamén as asociacións que antes tiñan unha subvención nominativa, é de 34.100€. se non me fallan as contas 34.100€ é menos que 47.600€, son 13.500€ menos. Non sei porque di vostede que este ano hai mais cartos, escápanseme as matemáticas.

Toma a palabra o Sr. González que indica que efectivamente non se incorpora a contía total pero que iso é así porque por exemplo no caso das comisións de festas, non se van a celebrar, polo que non van poder xustificar a contía. Cremos que non vai haber problema.

- **Do Partido Socialista:**

**PREGUNTA 1.** No Pleno do 29 de outubro do 2019 aprobouse por este Pleno para a sinalización do tráfico do noso Concello. Un ano máis tarde, no Pleno de outubro do ano 2020 visto que todo seguía igual os socialistas presentamos unha moción dándolle 3 meses para o arranxo. Nin en tres meses nin anos despois. Non foron quen de cambiar ningunha sinal. Fíxese que un goberno que en dous anos non é capaz de trincar unha bombilla, nin de trincar unha sinal despois de dous anos, paréceme que non é un bo goberno. Cando comezarán a reposición destas sinalizacións? Este ano o que ven o na próxima lexislatura.

Responde o Sr. González que como xa indicaron no seu momento o atraso que se acumula nesta obra ven derivado porque na licitación que se fixo a primeira empresa non xustificou adecuadamente e tivo que descartarse e pasou á segunda e pasou o mesmo. Son cuestións que se escapan e pasan estas cousas. En calquera caso xa se están poñendo e esta semana colocáronse unha parte das mesmas e que preto se acabe de colocar as mesmas.

**PREGUNTA 2.** Un tema moi delicado e traio unha pregunta, xa que, non sei nin que facer nin que dicir. Este caso sucedeume a min e esta sucedendo a outra xente, como veciño temos todo o dereito do mundo a solicitar aquelas informacións que sexa necesaria sempre e cando non sexa secreta. En xuño do ano 2020 solicitei un informe e quero entender o que é o silencio administrativo, porque 16 meses de



dita solicitude non obtiven nin o informe nin ningún tipo de contestación polo Concello.

1. Canto máis ten que agardar por unha comunicación por parte do Concello dicíndome algo?
2. Canto debe agardar un veciño por calquera xestión feita polos cauces oportunos?
3. Que lle pode dicir a un veciño que solicita un informe e que 6 meses o un ano despois non sabe nada do papel nin do asunto? Que lle diría?
4. Pensar facer algo o respecto?

Toma a palabra o Sr. González que indica que efectivamente somos conscientes de que se tarda en contestar mais do desexable e ten que ver que implica elaboración de documentos e os medios que temos no concello son os que son e aínda que intentamos corrixir as deficiencias á veces non é suficiente e facemos o que podemos.

#### **PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO:**

- **Do BNG:**

**PREGUNTA 1.** Unha publicación da asociación protectora de animais Arca de Noia do 11 de setembro fala dunha reunión co goberno local na que se lle trasladou que non interferira no protocolo de recollida de animais. Onde pode acceder a veciñanza a este protocolo? Mudaron a xestión dos animais ceibos dende que entraron ao goberno? Con que empresa están a xestionalo? Canto se investiu no que vai de ano e que principios éticos aplican?

Responde a Sra. Quintela que indica que con respecto ao protocolo non hai como tal pero a maneira de actuar é de que cando este Concello ten constancia do abandono a policía local comproba se o animal ten chip e senón poñémonos en contacto coa empresa XEA para que proceda a recollida. Cando a policía local non está de servizo é a propia empresa a que se encarga d comprobación.

Descoñezo o sistema anterior polo miúdo pero entendo que si que hai cambios porque revisando a contabilidade vemos que había gastos en compra de alimentos e consultas veterinarios . Dende o mes seguinte da nosa entrada no Goberno está a haber gastos mensuais neste servizo e o importe mensual varía segundo o número de animais nese mes que abarca a recollida e a estancia ata a súa adopción.

No que vai de ano 2021 levamos gastados neste servizo 11.860,13€, sorprendentemente é un importe menor ao de 2020 pero a explicación é que coa situación da COVID as adopcións estaban practicamente paradas. Actualmente só



temos en residencia 9 animais. En canto aos principios éticos procede á lectura da reseña pública da propia empresa. É unha empresa autorizada pola Xunta de Galicia polo que entendemos que se cumpre coa legalidade e ética.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que a verdade que sempre que vai sempre ao punto e que tivera falado sobre a reunión e que seguiremos investigando sobre o tema e se a solución é a máis idónea. Cremos que hai outras opcións.

Prosegue a Sra. Quintela indicando que tiveron unha reunión con dúas representantes da protectora porque estabamos vendo que reiteradamente facían recollidas indicados por particulares e non polo concello e despois reclamaban pagos por certos servizos por parte do Concello que o Concello non encargara.

**PREGUNTA 2.** Por que só se contempla o reforzo de persoal no PAI ate decembro? Que pasará en xaneiro?

Responde o Sr. González que efectivamente nos logo das conversas co persoal tratamos de darlle solución ao problema, polo número máis elevado de nenos pequenos. O que acordamos coa traballadores foi reforzalo ata decembro e senón paliar posteriormente a partir desta data.

Toma a palabra a Sra. Suárez que se en dous meses espera que mude a situación.

**PREGUNTA 3.** As obras do club de piragüismo Taxamar están previstas para dar o seu comezo en xaneiro. Acordaron e revisaron o proxecto cos membros do club?

Responde o Sr. González que é a primeira noticia que teño desta cuestión. Un clube é unha entidade privada e non temos porque explicar porque muda o nome. Non sei de onde saca vostede que as obras van comezar en xaneiro e non teño constancia e que estamos agora para licitar as obras nas que está incluídas pero non teño constancia diso. Nos xa tivemos co anterior directiva unha conversa no seu momento sobre estas cuestións e tamén coa xunta directiva e as actuacións que se van facer xa as coñecen. Temos diálogo continuo.

Toma a palabra a Sra. Suárez de que non temos problema co nome actual do clube pero comprenderá que rechía un pouco, ten a mala costume de acometer obras sen falar co persoal que mellor coñece as necesidades do problema en si. O proxecto que lle presentaron se eles non están satisfeitos porque se van gastar os cartos. Porque lle costa tanto falar co persoal? Non vemos cal é o problema. Que comezaba en xaneiro dixo vostede contestando unha pregunta neste Pleno.



O Sr. González remítese á contestación anterior.

**PREGUNTA 4.** Presentou o goberno alegacións ante a intención de reabrir a mina de San Finx?

Responde o Sr. González que o Concello polo momento non presentou alegación ningunha e estamos en prazo e no seu momento coñecida as alegacións da cofradía e moi seguro que as presentemos.

**PREGUNTA 5.** En que se escusan para tardar 2 anos en traer a este pleno a aprobación do primeiro trámite para a declaración do ENIL Monte da Pena?

Responde o Sr. González que isto xa foi preguntado no debate da moción, os traballos levan tempo e fai necesario un informe dun biólogo e tamén hai un traballo dun topógrafo que foi o que derivou que tardásemos dous anos.

**PREGUNTA 6.** Dentro das obras que se aprobaron no último POS había un arranxo dunha pista en Lantarou que xa dixemos daquela que era urxente porque lle imposibilitaba facer vida normal a unha veciña cega. A día de hoxe seguen sen comezar as obras, cando se vai executar?

Responde o Sr. González que efectivamente esas obras foron incluídas no pos 2021 e precisamos permiso da Deputación para a mesma. É unha obra que se inclúe con outras e que a Deputación da a opción que se realice por medio de contrato menor e agardo que se poida comezar o antes posible.

**PREGUNTA 7.** Dende que se puxo a dirección única na rúa do Conchido os autobuses escolares están a ter dificultades para moverse na zona. Por un lado hai un par de prazas de aparcadoiro en fronte que limitan a capacidade de manobra e por outro, os autobuses que teñen que ir á zona oeste do noso concello (Outes, Roo, Freixo, Valadares) teñen que ir ate a gasoleira e dar a volta. Isto supón un quilómetro a maiores en cada viaxe o que aumenta innecesariamente a contaminación e o gasto en combustíbel, algo tan sinxelo de arranxar como engadir unha excepción para o transporte escolar. Tiñan coñecemento desta situación? Vanlle dar solución?

Responde o Sr. González que plantexamos á dirección única para esta rúa e falamos coas empresas do transporte escolar e a solución foi a que se fai e non lle



vemos maior problema e tampouco volvemos falar do tema. Non nos trasladaron ningunha queixa ao respecto. A excepción non sei se sería tan sinxela de aplicar.

O que insta o Sr. Núñez e que sigan en contacto constante e teñan en conta a contaminación que se produce por estes e se se pode evitar cremos que debe de facerse.

**PREGUNTA 8.** Fai pouco anunciouse un investimento millonario na nosa ría a través dos fondos europeos e en relación co noso xeodestino. Vostedes presumiron en campaña que ían consensuar co sector os investimentos, fixérono nesta ocasión?

Responde o Sr. González que mantemos un dialogo fluído co sector turístico de feito cando comezamos a actividade máis forte do ano contratamos ao técnico de turismo. Sobre esta cuestión no seu momento dunha forma na que apremaba o tempo comentásenos a posibilidade deste proxecto e que plantexamos unha actuación e a que nos pareceu que a podería ser e que vai servir para humanizar o espazo dar conta dun acordo aprobado neste Pleno.

#### **PREGUNTAS ORAIS:**

- **Do PP:**

**1ª PREGUNTA.** Segundo un Decreto de Alcaldía do 07/19/2021 celebrouse un contrato menor de servizos cunha empresa (MR. TURISMO MARKETING EN ACCIÓN, S.L.) por valor de 12.100 € denominado “ROTEIRO EMOCIONAL DOS CARPINTEIROS COS PES MOLLADOS”.

- ¿En que consiste esta actuación?
- ¿Con que concepto, ou conceptos se houbera mais de un, se corresponde concretamente este servizo?

**2ª PREGUNTA.** O pasado 17/11/21 o Sr. Alcalde decretou a aprobación da conta xustificativa do Fondo de Compensación Medioambiental, na que se inclúe o subministro de valados ambientais. Vemos que a día de hoxe eses valados non están colocados nas súas ubicacións de destino.

- ¿Cal é a razón de que non estean instalados e cando o pensa facer o goberno?



**3ª PREGUNTA.** Dende fai un tempo estamos asistindo con preocupación a un grave problema de desabastecemento de subministracións a nivel mundial. Non sabemos se esta situación pode influír no desenrolo da execución do proxecto de MELLORA ENERXÉTICA DE DIVERSOS ALUMEADOS EXTERIORES DO CONCELLO DE OUTES subvencionado polo IDAE.

Por eso queremos saber:

- Consideran que este problema pode influír no desenrolo da actuación.
- ¿Cales son os prazos de execución e os tempos que teñen estimados para finalizar a execución desta actuación?
- **Do Partido Socialista:**

**PREGUNTA 1.** O mes pasado adianteime a este Pleno cun rogo da presenza duns animais non moi ben queridos por diferentes lugares da nosa vila. Xa lle dixen que lles ía preguntar sobre este tema.

A día 25 de novembro e pasado un mes de que os puxérenos en alerta fixeron algún trámite ou estudo sobre estes animais no concello? Está solucionado o problema?

**PREGUNTA 2.** O mes pasado levamos unha moción polo tema da gratuidade das viaxes das rapaces e rapazas do noso Concello. A 25 de novembro de 2021 ademais da entrega das sinaturas que fixeron os afectados na Xunta de Galicia foron vostedes quen de falar cos responsables de mobilidade? E cales foron os resultados a día de hoxe?

## **7. ROGOS.**

- **Do PP:**

**1º ROGO.** A estrada que comunica Brión de Arriba co Cruceiro de Roo presenta un estado lamentable. Está chea de fochancas e de levantamentos do firme que chegan a tocar cos fondos dos vehículos que circulan por ela. Rogámoslle ao goberno Municipal que arranxe esta situación.

**2º ROGO.** A tenor do anterior rogo, tamén lle rogaríamos que solucionasen o seguinte tema. Dende que cortaron unha árbore que hai neste aparcamento ao carón do Concello, quedou a raíz, a cachopa da árbore, e está moi perigosa para os coches que poden bater nela e romperlle os fondos.





**3º ROGO.** A área recreativa que se sitúa tras do cemiterio vello de San Ourense presenta un estado lamentable en canto ao seu mantemento. Rogámoslle ao Goberno que procedan ao seu adecentamento.

**4º ROGO.** A finais do pasado mes vimos con moita preocupación como perigaba a impartición das clases de Música Tradicional que se levan impartindo dende fai anos, por mor da falta do pago por parte do Concello, dende facía varios meses, dos salarios dos profesores. Sabemos que non é nada infrecuente que haxa atrasos nos pagos de servizos similares, (profesores, monitores). A nos parécenos que pagarlle o salario polo traballo feito a estes traballadores debía ser obxecto de prioridade mensual para o goberno, igual que pagarlle ás empresas que realizan subministracións ou fan servizos.

Por eso lle rogamos que tomen as medidas necesarias e se preocupen de que estes pagos sexan efectuados convenientemente.

**5º ROGO.** Mañá fará un ano que se celebrou o Pleno Ordinario correspondente a Novembro 2020 noso Grupo presentou dunha moción para que se iniciasen os trámites de ampliación da estrada que une Entíns e Fontenlos ademais de que de maneira inmediata se adecentase e limpasen as beiras desa peculiar estrada, xa que presentaban un moi deficiente estado que comprometía gravemente a seguridade vial na mesma. A Moción aprobouse por unanimidade. Os membros do grupo de goberno tamén levantaron a man para votar a favor da mesma, pero ata o de agora foi o único que fixeron ao respecto porque ante a completa desidia e pasividade pola súa parte o estado do vial, como non podía ser doutro xeito, vai a peor. Non sabemos cal será o motivo da súa inacción, porque despois dun ano de continua insistencia pola nosa parte, semella que algún motivo debe haber para que non se faga unha actuación tan sinxela.

Por duodécima vez rogámoslle a este goberno, incumpridor de compromisos adquiridos, que se adecente a estrada de Entíns a Fontenlos.

- **Do BNG:**

**ROGO 1.** No pleno anterior dixo que unha solución con respecto ao transporte gratuíto ademais de trasladarlle un escrito para unha recollida de sinaturas que aínda non se entregaron ían vostedes a prestar axuda económica seguindo oos criterios que se viñan a seguir. Xa lle apuntamos naquel momento que non nos parecía a solución. Non teñen outra opción para trasladarse. Rogámoslle que coa máxima brevidade posible nos poñan en coñecemento de cal é solución que van a adoptar para axudar a estas familias.



**ROGO 2.** A masa común situada en Cando de Abaixo segue sen limpar despois de trasladarllor en diferentes ocasións. Os veciños visto o abandono decidiron facer un vertedoiro e están votando restos de obra. Rogámoslle que procedan a dar exemplo e asuman a súa responsabilidade e procedan á limpeza dos espazos públicos e en concreto á masa común referida.

**ROGO 3.** Fai cuestión de un ano trasladámoslle a necesidade de que era necesario instalar uns pasos de peóns en Ribas de mar porque as marquesiñas quedan a unha veira e a outra da estrada. Rogamos que inicien os trámites necesarios e que o tomen como un tema de urxencia.

**ROGO 4.** O centro social da Ponte de Nafonso ten os seus arredores e accesos en condicións lamentables e urxe que se melloren os acceso e os arredores. Rogamos que procedan a solventar esta problemática.

**ROGO 5.** Trasadannos a preocupación dende as agrupacións sociais e culturais ás dificultades de cobro do seu soldo a finais de mes. Pese a que se puxeron en contacto con vostedes en varias ocasións e que pon en risco as actividades. Rogamos por favor que tome as medidas oportunas para que esta situación non se volva a dar e esta xente poida cobrar.

**ROGO 6.** Facémoslle un rogo que xa o temos feito sobre as deficiencias de iluminación da Rúa da Capela. Vostede respondeu que estaban a traballar e que se ía instara unha iluminación monumental. Permítame que lle digamos que monumental tampouco, xa que, ao resto estar deficiente de iluminación e chagar aí a un oasis e xusto neses metros. Unha iluminación monumental ten que ser algo que destaque os rasgos característicos da arquitectura e que non colabore tan excesivamente a contaminación lumínica. Rogámoslle que teñan a ben modificar esa iluminación e que lle dean solución ao urxente que é que a rúa da Capela e a súa iluminación.

- **Do Partido Socialista:**

**ROGO 1.** Vostede comprometeuse a solucionar un asunto concreto cando falamos das obras que se aprobaron no primeiro POS desta lexislatura. Lembrese vostede do veciño que segue esperando polo asfaltado da estrada e que vostede lle dixó que son obras menores e que non precisan dun proxecto e que non imos a pedirllas á Deputación. Rógolle a vostede que faga algo máis do que fixo ata agora e solucione o problema.



**ROGO 2.** Xa hai máis de un ano que unha veciña da Serra solicitou axuda ao Concello porque tiña problema cos ruídos cunha caseta de Telefónica. En xuño do ano pasado foi cando a propia Telefónica sen permiso do Concello púxose a facer obras na fachada retirando parte da esquina afectada da casa da veciña. Esta mesma semana a empresa retirou os equipos de ventilación que deban cara a casa da veciña, supoñemos que debido a que hai unha demanda en trámite cunha medición exhaustiva do ruído causado durante toda unha semana e vistos os datos extraídos a propia empresa non agardou ao resultado dun xuízo senón que xa o retirou sen máis espera. Dende logo os meus parabéns á veciña e a vostede só lle rogo que teña a deferencia de poñerse en contacto coa mesma e de facer o mesmo como Concello.

<b>C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES</b>
---

*Remata a sesión ás 22:30 horas do que, como Secretaria, dou fe.*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

